


## Entrevista

# Xosé Luís Méndez Ferrín, escritor e presidente da Real Academia Galega

Ana ACUÑA



Esta entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín levouse a cabo en Pontevedra, cidade que acolleu ao Padre Sarmiento, a Xoán Manuel Pintos e a tantos outros autores que conforman o sistema literario galego. Como o lector poderá comprobar, Pontevedra e os arredores foron tamén a paisaxe da adolescencia do noso entrevistado.

—**Madrygal:** Recordos da súa nenez.

—**Xosé Luís Méndez Ferrín:** Entre as lembranzas da infancia, acórdame moito Ourense. Vilanova dos Infantes non tanto porque vou de vez en cando, nunca deixei de ir; pero Ourense, si. Acórdame a cidade que era antes, a miña casa, unha casa enorme como do século XIX que era do meu avó. Iso vólve-me continuamente.

—**M.:** Os seus comezos nas letras.

—**X. L. M. F.:** O primeiro texto literario que escribín foi nuns papeis que me regalaron e que

estaban impresos cos debuxos de Walt Disney (Mickey, Pluto...). Eu era moi pequeno. Escribín sobre un can que tiña eu e que se chamaba Tom, un can grande. O meu texto literario primeiro empezaba así: “Mi perro se llama Tom y es relativamente bueno”. Eu quería dicir que era un can fero e poderoso, pero comigo era bo. Ese é o meu primeiro texto literario.

Tiven unha primeira vocación que non foi literaria, era unha vocación científica. Se non fose porque era moi incapaz coas matemáticas, estudaría ciencias naturais e dedicárame á zooloxía. Rexistrei montes e veigas en procura de fauna, sobre todo de insectos.

Empecei a escribir con determinación literaria ós quince anos ou dezaseis. E xa empecei a escribir enseguida no periódico *Litoral* de Pontevedra. Deixaba as colaboracións nun sobre debaixo da porta de Gráficas Torres, na rúa don Filiberto Abelardo Díaz. En *Litoral* tiven unha polémica con Leandro Crispín e, como non me coñecían, eles pensaban que Méndez Ferrín era un pseudónimo. Ata que, por fin, me coñeceron nas Festas Minervais de Santiago. Foi Filgueira Valverde e, cando viu que eu me chamaba Méndez Ferrín, dixo: “Ou sexa que ti existes!” Puxeron en *Litoral* de Pontevedra “Apareció por fin Méndez Ferrín”.

Non tiña ningunha relación. Coñecía un pouco a Cuña Novás porque Cuña Novás era afeccionado a falar con rapaces novos.

—**M.:** Relación con outra xente de Pontevedra.

—**X. L. M. F.:** Había xente da miña idade, había un círculo nacionalista que lideraba Suso López e tamén estaba un señor maior que se chamaba Xosé Luís Fontenla Méndez. Este proporcionábanos os panfletos de América, os contactos co exterior e o *Sempre en Galiza* que, ó tempo, tiña certa difusión en Pontevedra.

—**M.: Os mestres.**

—**X. L. M. F.:** Recordo con afecto en Pontevedra a Francisco Cerviño Xesteira. Lembro tamén con cariño á muller, Daría González, que nos deu clase de inglés. Eles tamén eran galeguistas e antifascistas. Fontenla Méndez era un galeguista de antes da guerra e tiña seguros. Era un supervivente pero estaba conectado politicamente co Consello de Galiza.

De Ourense lembro unha profesora que nos preparou para Ingreso e que lle chamabamos “a profe”. Tiña unha academia nun piso. Era da Institución Libre de Enseñanza e entón había que tratarla de “ti” e darlle un bico á saída e outro á entrada. Era curioso.

—**M.: O ambiente de Pontevedra.**

—**X. L. M. F.:** Eu vivín en Pontevedra seis anos ou sete, desde o corenta e nove ao cincuenta e tantos. O ambiente de Pontevedra era moi agradable. Parecíame máis pequeno Pontevedra que Ourense e máis señoritinga. A xente vestíase para ir á misa de doce á Peregrina.

Había outra Pontevedra que me gustaba máis que era esta dos arredores. Sobre todo gustábanme as parroquias que tiraban para o monte (Tomeza, Marcón, Xeve...). Eran as miñas preferidas. No verán non perdía unha festa, iamos a todos os santos e santificámonos en todas as festas. En realidade non iamos aos santos, iamos ás rapazas pero iso xa se facía así na Idade Media.

—**M.: Os mestres en Santiago e en Madrid.**

—**X. L. M. F.:** En Santiago foi importante Otero Pedrayo. As clases de Otero Pedrayo eran prodixiosas. Aprobaba todo o mundo e non mandaba traballos nin nada, simplemente daba leccións maxistras, pero era como unha inmersión na cultura galega e universal. Explicaba xeografía e, ao mesmo tempo, historia, literatura, filosofía...

Había un profesor, un catedrático novo, que se chamaba Carlos París Amador. Era falanxista e, a pesar de ser falanxista, gustábanos moito a todos porque sabía de filosofía, sabía física, sabía ciencia... Foi o primeiro profesor que vin citar na clase a Carlos Marx como filósofo. Carlos París estaba evolucionando para superar o falanxismo e agora está no Partido Comunista, en Esquerda Unida, en Madrid.

Algúns axudáronnos, como é o caso de Moralejo en cuestións de indoeuropeo e gramática históri-

ca do latín; outros, non. Non vou falar mal deles, pero non falo.

Na universidade en Madrid eu respirei porque aquilo era moito mellor que Santiago, descontando a Otero Pedrayo, a Moralejo e a Carlos París. A Facultad de Filoloxía de Madrid era importantísima, tanto que aprobei o grego e o latín que levaba suspensos de Santiago. Importantísima en canto a profesores, por exemplo de grego estaba Adrados, que tiña como axudante a Isidoro Millán. Aquilo era unha marabilla.

Eu con quen me entendín mellor e con quen aproveitei máis foi con Rafael Lapesa (dous cursos de historia do español) e con don Dámaso Alonso (lingüística románica). Perfecto, clarísimo. Dialectoloxía, por exemplo, estaba moi ben co profesor Bustor Tovar. En realidade eu topei con bos profesores, todos, e algúns extraordinarios.

—**M.: Os estudos en Madrid.**

—**X. L. M. F.:** Un día escribume Otero Pedrayo unha carta na que dicía “xa sei que chegaches sen novidade á facultade dos choupos esguíos como razoamentos escolásticos”. Unha cousa así, porque el tíñalle rabia á filosofía escolástica que dominaba naquela época, el era máis ben bergsoniano.

Coñecín unha facultade moderna, eu non sabía o que era unha facultade moderna e a facultade aquela –racionalista– fascinoume. Eu viña dos casebres de pedra vella que eran as facultades de Santiago. Aquela era unha facultade do século XX e estaba todo como recentemente feito, novo (era falso porque fora edificada na República) e estábanse moi ben alí. Había tamén cursos para estranxeiros e podías coñecer moita xente. A min aquela facultade gustoume, interesoume e aprendín.

Eu creo que terminei no curso 59/60. Despois fun a Inglaterra, fun a África ao servizo militar, a Canarias, e despois fun dar clase ao colexio Fingoi de Lugo. Alí prepareime para ser catedrático de instituto e presenteime a cátedras. E, como non tiña bastantes libros en Lugo e daquela as oposicións eran moi amplas, fun para Madrid. Cando vou alí están Novoneyra, Patiño, Herminio... É o que quedaba de Brais Pinto. Non estaban xa unidos. Despois do 63 en adiante houbo enfrontamentos de carácter político, non persoal, entre os que se incorporaron á UPG e os que se incorporaron ao PC.

—**M.: A política onte e hoxe. Houbo desilusión?**

—**X. L. M. F.:** Houbo moita desilusión. Segue sendo moi importante a política: eu sigo militando na Fronte Popular Galega (FPG) e estou no consello d’*A Trabe de Ouro*. O que pasa que estou un pouco desactivado desde que me elixiron presidente da Academia.

Eu vin a necesidade de actuar politicamente contra o franquismo en 1963 porque observaba que o galeguismo estaba parando, freando incluso, calquera posible movemento de masas. Era algo elitista que non me gustaba, era preciso combater o franquismo e era preciso conseguir os dereitos para Galicia, pelexar por unha situación socialista, de esquerda. Antes de provocar unha escisión, aguantei ata o 63 —coma min outros— e fundamos o Consello da Mocidade. As decepcións, naturalmente, xa empezaron aí: fomos expulsados unha chea de membros do Consello da Mocidade polos piñeiristas. E de aí saíu o noso partido, a Unión do Povo Galego (UPG).

Unha vez que houbo o cambio político para o actual réxime monárquico, durante a Transición, algúns pensamos que non se podía baixar o nivel de esixencia e que había que estar contra o réxime novo que estaba vindo e cambialo porque era monárquico e antisocial. Entón prodúcese unha serie de acontecementos que culminan na nosa separación da UPG e da ANPG. Fomos expulsados douscentos ou trescentos, tamén do sindicato do ensino e do SOG. A partir dese momento fomos convocados por Luís Soto e por outros maiores ca nós a fundar unha nova organización que se chamou UPG Liña Proletaria. Despois foi cambiando de nome. Máis ou menos hoxe é a FPG.

Estiven sempre recibindo decepcións, pero como todo o mundo e como calquera que milite nun partido, sobre todo nun partido que esixe sacrificios e non produce beneficios. Sempre hai desgustos profundos, ás veces, outras pequenos desgustos. O trato que recibimos do piñeirismo a min fíxome sufrir, pero tamén me abriu os ollos. E, naturalmente, a reacción contra nós dos que hoxe gobernan a UPG —do que hoxe goberna a UPG, que é unha persoa soa— non me feriu tanto en absoluto porque, entre outras cousas, estaba preparado e xa vía que esa persoa non era un verdadeiro comunista nin independentista. Entón non foi unha gran decepción, simplemente había que separarse desaxente.

—**M.:** Daquel tempo ata este, foise perdendo algo?

—**X. L. M. F.:** Son tempos distintos, non é nin máis nin menos difícil nun que noutro. Pero, por outro lado, tamén é desesperante ver que non se produce un movemento revolucionario. Na outra época, na época de Franco, había unha tensión tremenda e a clandestinidade produciu verdadeiros desgastes. Os comunistas —tal e como les nesas memorias dos antigos militantes<sup>1</sup>—, cando estaban fatigados despois de estar dous anos en clandestinidade, ían a un *chateau* francés ou a un chalé que lles poñía o partido no Mar Negro. Nós non, non tiñamos vacacións, nin diñeiro, nin pasaportes falsos, nin estabamos protexidos por ningunha Unión Soviética nin por ningunha China. Con moito tiñamos os cartos que nos mandaba Luís Soto e o material que mandaba Neira Vilas de Cuba.

—**M.:** O nacionalismo debe acabar no independentismo?

—**X. L. M. F.:** É absurdo que non acabe no independentismo, se non, non é nacionalismo, esa é a miña opinión. Eu sosteño que Galicia está profundamente dominada, é un pobo que en moi boa parte se odia a si mesmo, que non quere ser como é. Por iso se abandona o galego, por iso non se lles transmite aos fillos, por iso os nenos pequenos en moitas ocasións, cando se lles fala galego, non queren falar galego. Iso existe. Iso é un pobo que está nun estado de descomposición secular e xa Castelao falaba dun pobo suicida. Pero tamén é verdade que contra iso estamos loitando desde hai máis dun século, para tratar de petar na alma do pobo, que dicía Castelao. Sen ser optimistas tamén se ve que existe a corrente contraria: acabamos de asistir a unha folga xeral en que só os nacionalistas convocaron e tivo un éxito parcial, pero real. O cal quere dicir que un nacionalismo está na clase obreira, fundamentalmente, e está actuando e está petando. Por poñer un exemplo só destes días pasados.

Que ocorre? Que o mesmo nacionalismo está —creo eu— doente porque desde o seu principio, desde Murguía para os nosos días, no Partido Galeguista e nas Irmandades da Fala, o que se di é que Galicia é unha nación que se ten que federar co res-

<sup>1</sup> Refírese á lectura que a entrevistadora estaba facendo da *Autobiografía de Federico Sánchez*, isto é, Jorge Semprún.

to de España e que hai que ser españois dentro dunha España multilingüe e multinacional. Eu penso que todos os nacionalistas no seu interior e no seu soño son independentistas, se non, non serían nacionalistas galegos. Todo escritor en lingua galega é—sáibao ou non— independentista, se non o fose escollería a lingua do imperio.

Entón é preciso que a parte máis dinámica do nacionalismo saia do armario, ese independentismo larvado que o confese, que o faga público, cousa que se fai noutros lugares pero aquí non.

Que é difícil a independencia de Galicia? Naturalmente que si, e a de Euscadi e a de Cataluña. Pero hai que traballar en política con esa hipótese. Aquí en Galicia non existe máis partido independentista que a FPG. Nós-UP nin sequera é independentista porque é lusista, xa nin cre na existencia do idioma galego, cre que o idioma galego é un sotaque do portugués.

Fai falta un bloque social que se manifeste como independentista para turrar dos que o son menos. Se xa comezan as vangardas por negar os seus propios desexos, os seus propios proxectos nacionais para Galicia, entón que farán os que están un pouco máis atrasados. E iso creo que é un problema de Galicia.

**—M.: Habería outros referentes nos que mirar?**

**—X. L. M. F.:** Non, eu non son partidario de mirar para outros. Un modelo noso, nada máis que noso, elaborado por nós e tal como vai o nacionalismo. É dicir, cuns sindicatos de clase fortes e potentes e con tendencia a ser maioritarios.

Outra cousa que o nacionalismo maioritario ou hexemónico non ve é que o nacionalismo actual ten ecos case só na clase obreira. Non hai ningunha burguesía, ningunha CEOE, ningunha patronal nacionalista, e menos controlada polo Bloque. Pero si hai obreiros nas dúas centrais nacionalistas.

Entón onde está a forza do nacionalismo? Que clase social recolle o nacionalismo hoxe? Fundamentalmente a clase obreira, fóra de aí non hai. E actúan cun discurso político como dedicado ás clases medias, ás clases medias intelectuais, aos empresarios. É o soño do Bloque ter moitos empresarios, a súa cruz é que ten moitos obreiros máis os de pequenas franxas da clase media como pode ser o maxisterio (mestres e profesores). E iso é todo. Non hai un taxista en todo Vigo que vote polo Bloque, non hai un taberneiro.

Entón é así. É medo a confesarse a si mesmo o que se é, porque eu non creo que Paco Rodríguez non sexa independentista, claro que o é. Esa é a contradición. E, quen di Francisco Rodríguez, di Manuel María no seu tempo, di Castelao, di Murguía, di todos. Xa non digamos Ramón Piñeiro. Non se atreven.

**—M.: Parécelle que a intelectualidade en Galicia está implicada?**

**—X. L. M. F.:** O que pasa é que non sei moi ben que é a intelectualidade. A intelectualidade supoño que serán os homes e as mulleres que exercen unha función intelectual. Existen intelectuais que están ao servizo clarísimamente do país, que son nacionalistas, que son de esquerda. Existen nacionalistas que non son de esquerdas, xa son máis raros, son raros entre os intelectuais e máis entre os que non son intelectuais.

En diversas ocasións históricas os intelectuais foron absolutamente imprescindibles para os movementos. Que sería a revolución rusa sen intelectuais? Non habería a revolución rusa.

Intelectuais foron Castelao, Murguía e todos aqueles que en Galicia levantaron unha idea de emancipación común. Pero non chega cos intelectuais, as ideas teñen que encarnar nas masas. O nacionalismo nunca foi tanto de masas como é hoxe, durante a República era moito máis minoritario, era cousa case que só de intelectuais. Hoxe é máis amplo e esténdese por todo o país, fundamentalmente nas áreas máis industrializadas e moito menos nas áreas máis rurais.

Segue habendo intelectuais con ansias de transformar o mundo, pero hai outros que están colocados na Autonomía desde que se creou. Están colocados en postos cómodos que lles impiden exercer como tales intelectuais, pois non piden cambios senón que se conforman co que hai. O modelo sería Carlos Casares, poño por caso, modelo dese intelectual absolutamente ao servizo do estatus, da situación vixente e están xa no seu paraíso. Outros pretenden —como di Manuel Antonio— sempre “máis alá”, ese é o intelectual que me interesa a min.

**—M.: Habería contradicións na literatura galega?**

**—X. L. M. F.:** Se entendemos a literatura como un sistema ou como un campo —segundo a terminoloxía de Figueroa—, ou como unha literatu-

ra nacional, o que hai son distintos puntos de vista entre eles. Se iso non ocorrese non sería un sistema literario. Claro que hai contradicións. Ten que haber combate de ideas, sen ir máis lonxe, entre novos e entre vellos. Pola Real Academia Galega crúzome con Neira Vilas, que pertence a unha literatura que non é a mesma de Manuel Rivas, pero vai falando con el tranquilamente. Son os dous académicos e contemporáneos.

—**M.:** **Cales serían os trazos do sistema literario galego?**

—**X. L. M. F.:** Ten unha historia diferente. A poesía galega, poño por caso, exercitouse de maneira colectiva e historicamente a partir de Manuel Antonio, ben, antes con Pondal, Rosalía... Toda a historia da literatura galega é unha permanente innovación con respecto á literatura española. Non houbo en tempos de Rosalía un poeta español coma ela. *En las orillas del Sar* non se entendeu. E quen escribe como Pondal? Con ese parnasianismo formalista no seu tempo?

—**M.:** **O seu labor político menoscaba o seu traballo literario?**

—**X. L. M. F.:** Non, porque se non me dedicase á política dedicárame a outras actividades. Vai unida a política coa literatura e non se separa porque eu, en realidade, son un escritor que desexa a revolución. Non quero plasmalo, de feito a gran maioría das cousas que escribín non teñen nada que ver co mundo da revolución, pero noto que vai unido. Se non fose por política, por que había de escribir en galego, poño por caso? A escrita en galego é un acto independentista.

—**M.:** **Poderíamos considerar a súa obra como un único libro, un macrotexto que abrangue narrativa e poesía?**

—**X. L. M. F.:** Si, eu penso que si, penso que case sempre. Aínda que os relatos sexan distintos, forman parte dunha mesma colección, dun macrotexto. Iso é o que sinto eu. O que pasa é que van adaptándose os textos literarios ás distintas idades. Entón eu noto que fun moitos homes, como o poema de Borges “Yo que tantos hombres he sido”. Son un só que ten distintas formas, distintas transformacións, pero no fondo son eu.

—**M.:** **Cal é o sentido dese macrotexto?**

—**X. L. M. F.:** Non o sei. Mostrarme a min mesmo, quizais, enmascarado en forma de personaxes ou de voces poéticas diversas.

—**M.:** **Ten pensado no que o leva a escribir?**

—**X. L. M. F.:** Si teño pensado, pero nunca souben o porqué. De feito, eu escribo moi pouco. Algo estou escribindo, algún poema. Agora estou cunha novela, encetándoa. Trátase do fin dunha triloxía que está situada en Mónaco. Xa non digo nada máis.

—**M.:** **As colaboracións xornalísticas no Faro de Vigo continúan ocupando un espazo importante na súa produción, a pesar de que diminuíron.**

—**X. L. M. F.:** No *Faro de Vigo* estaba publicando artigos moi claros en materia política e é incompatible coa neutralidade, coa miña posición académica. Continúo facendo un artigo á semana. É unha faceta da miña personalidade máis ben erudita e entón falo de cuestións curiosas (literarias ou históricas) que me chaman a atención ou que penso que deben ser tratadas de novo. Axúdame contra os avances do alzhéimer, aínda non se presentaron pero creo que é moi bo estar continuamente ocupando a mente.

—**M.:** **Hai nesas colaboracións un intento de reescribir a historia? Por exemplo o acontecido en Castrelo de Miño?**

—**X. L. M. F.:** Dalgunhas partes da historia, si. Falas de Castrelo de Miño, pero é que eu escribín unha serie de artigos contando como eran as organizacións antifranquistas porque ninguén o fixera. A visión que dá toda a xeración da militancia do franquismo é que corriamos diante dos grises, ata hai frases feitas e películas sobre ese tema. Pero non, era unha loita moi dura e na que moita xente sufriu e foi presa, maltratada, morreu incluso. Esta sería unha serie de artigos

Outra serie sería o mundo dos suevos, da monarquía sueva, porque eu creo que Galicia nace nese momento. A Idade Media ocupa outra serie, pois a visión que se dá da Idade Media é totalmente interesada e hai que revisala.

—**M.:** **Por que en artigos e non en libro?**

—**X. L. M. F.:** Eses artigos sempre se poden recoller en libro. O *Consultorio dos apelidos gale-*

gos saíu dunha serie de artigos. Había que revisar iso, pois non había ninguén que tratase dos apelidos galegos e forman parte, moi importante, do noso patrimonio inmaterial. E así, dunhas cousas pasando a outras.

—**M.: Fálenos da Real Academia Galega que agora vostede preside. Que lle esixiría o mozo Méndez Ferrín a un presidente da RAG?**

—**X. L. M. F.:** Á pregunta contesto cunha pregunta: a que Academia? Á Academia que había cando eu era novo ou á Academia que hai hoxe? Á de entón non lle pediría nada, pero faríalle unha crítica moi profunda e dimitiría como membro correspondente, cousa que xa fixen no seu día. Á Academia de hoxe, se eu fose novo, pois diríalle que continuase implicándose máis e máis na sociedade, no mundo da cultura entendida como cultura dirixida ao pobo de masas. Estao facendo, sen dúbida, pero máis e máis. Isto é o que lle pediría.

—**M.: Que acto lle gustaría facer antes de deixar a presidencia da Academia?**

—**X. L. M. F.:** O ideal sería asistir en representación da Academia á constitución dun verdadeiro goberno galego dunha Galicia autodeterminada e libre. Pero moito me temo que eu iso non o vou ver.

—**M.: Persoal e moralmente hai un Méndez Ferrín antes e outro despois da presidencia da Academia?**

—**X. L. M. F.:** Non, non hai. Imos cambiando segundo as nosas épocas, pero eu non penso que cambiase nada neste ano pasado.

—**M.: Quizais aumentou o seu nivel de responsabilidade?**

—**X. L. M. F.:** Non, simplemente considerei que tería que ter máis coidado con determinadas manifestacións que fixese. O cal non é renunciar aos principios nin ás ideas que tiña, que son as mesmas e son as que sosteño publicamente, pero, ás veces, hai que contar coa oportunidade.

—**M.: Entón a súa ideoloxía segue intacta ou atopou algunha contradición.**

—**X. L. M. F.:** Non, non tiven ningunha contradición. A Academia fixo todo o que a min me

gustaría que fixese con respecto, por exemplo, ao Decreto do plurilingüismo: recorrello, dicirlle que non, mostrar unha posición pública ao respecto da lingua. Todo o fixo a Academia antes de ser eu presidente, pouco antes, na transición. E eu non fixen nada máis que executar o que o Plenario... Eu non chegaría máis lonxe. Que ía facer? O mesmo que fixeron outras entidades menos oficialistas, como pode ser a Mesa pola Normalización Lingüística, recorrello, dicir que non e ir ás manifestacións.

—**M.: Que lle gustaría facer polo galego dende a presidencia: dotar o idioma de maiores ferramentas? Dirixirse ás masas?**

—**X. L. M. F.:** O que necesitamos agora, o que a Academia necesita neste momento, é unha gramática descritiva que sirva, non só como gramática porque hai outra, senón como símbolo de referencia nacional. Unha gramática descritiva do estándar.

Un dicionario moito mellor do que existe, con moitas máis entradas e moita máis riqueza e vocabularios. A min paréceme que o que se necesita é ir cada vez a mellores dicionarios porque os dicionarios galegos tiñan moitas carencias. Agora necesitamos que eses dicionarios se vaian perfeccionando, o da Academia tamén por suposto. Xa se está facendo e vai saír un dicionario aumentado. Estase preparando outro máis –ese vai ser o gran dicionario– que leva etimoloxías, fraseoloxía...

Iso todo é o que ten que facer a Academia, o resto son outras instancias.

—**M.: Outras necesidades?**

—**X. L. M. F.:** Revisar a toponimia. A toponimia parece que é unha batalla que xa se ganou, pero non, ten moitos erros a toponimia de lugares habitados, que é a que está formalizada e oficializada. Está sen facer a toponimia marítima, a toponimia menor e maior (porque os montes non teñen por que ser toponimia menor) e os ríos. Todo iso hai que revisalo, retocar algúns erros que existen e algúns defectos. Non se pode dar por feito ese traballo porque haxa un *Nomenclátor*.

E despois tamén é necesario un dicionario histórico do galego, aínda que sexa *on line*. E dicionarios infantís como os que hai con fotos e con debuxos.

—**M.: Cales son as necesidades do galego que non pode atender a Academia?**

—**X. L. M. F.:** Que ocupe o poder galego un partido nacionalista e que faga as reformas que sexan precisas para acabar coa diglosia, para acabar coas eivas que atrancan o progreso do galego e que fan que retroceda no número dos falantes. Hai que incentivalo no ensino, nas administracións públicas, no mundo do traballo... en todas partes.

Hai que facer iso e hai que facer vocabularios de todas as ciencias, hai algún xa, e de todas as tecnoloxías. Hai que estudar máis o galego e ter eses dicionarios que teñen os ingleses e que teñen os italianos, eses vocabularios particulares. Agora acabamos de publicar un vocabulario de recursos humanos, do que se chama mercado laboral.

Fundamentalmente o problema, ó final, é político: é preciso ocupar o poder, os poderes todos, polos nacionalistas e facer bo uso del, non só ocupalo.

—**M.:** **Proxectos que espera lograr durante a presidencia.**

—**X. L. M. F.:** Case chos dixen, todas as ferramentas. Despois, naturalmente, tamén revisitar problemas históricos a través de estudos que convoque a Academia, de congresos, de xornadas... Cuestións de historia, de literatura... Entón a Academia tamén sae fóra do seu recuncho e faise presente na sociedade nas xornadas e intervencións, nos plenarios extraordinarios que se fan en público. Esa sería a función de docencia de todos os académicos, entre eles hai algunhas persoas que saben moito de lingua pois teñen que dar leccións de lingua, de historia...

—**M.:** **Existe relación coas outras Akademias do Estado?**

—**X. L. M. F.:** Hai relacións coa Academia Vasca e co Institut d'Estudis Catalans, ningunha coa Acadèmia Valenciá de la Llengua. Imos establecer relación coas akademias brasileiras. Con Portugal non hai ningún tipo de relación porque tampouco existe unha Academia da Língua Portuguesa, a relación que temos é que nomeamos un académico de honor, José Viale Moutinho.

—**M.:** **Este ano a Real Academia Galega homenaxeará a Lois Pereiro no Día das Letras Galegas. Cal é a súa impresión do poeta?**

—**X. L. M. F.:** Non son un experto na obra de Lois Pereiro, pero é un poeta que me inspira sim-

patía persoal. As simpatías e as antipatías sonche cuestións instintivas. Noto a Pereiro moito máis próximo a min que a poesía experimentalista que se fixo nos anos setenta, oitenta e, desde logo, máis próximo a min que certa poesía preciosista ou culturalista dos oitenta tamén. El é como máis rachado, máis radical.

—**M.:** **O seu ensaio *De Pondal a Novoneyra* é como unha illa na súa produción. Por que non continuou o estudo crítico da literatura galega?**

—**X. L. M. F.:** Ese libro ten unha historia secreta: eu fixen unha antoloxía que prohibiu a censura. Entón aproveitei todo o traballo e preparei unha tese de doutoramento. Despois das incursións na poesía posterior á guerra civil, fixen unhas cantas incursións na poesía anterior, pero tamén na outra literatura que non é poética. Quedou ese libro que é produto desa tese.

—**M.:** **Vostede nalgunha ocasión manifestou que a crítica non está á altura dos escritores.**

—**X. L. M. F.:** Non está ben dicir iso. Retrátome porque hai crítica moi boa. O que ocorre aquí en Galicia é que hai cousas de creación moi boas, moi bos poetas sobre todo. É un momento espléndido para da literatura galega, leva estando así dende hai moitísimos anos, todo o século XX.

—**M.:** **Le vostede os novos, o que se publica recentemente?**

—**X. L. M. F.:** Si. Sigo bastante o ensaio e, en xeral, a literatura de creación.

—**M.:** **Pode facernos unha valoración da cultura galega?**

—**X. L. M. F.:** A cultura galega está nun momento de moita potencia e moita forza. Hai grandes individualidades, hai escritores vivos de setenta anos e máis e magníficos. Está vivo Neira Vilas e Luz Pozo. Ao mesmo tempo hai unha irrupción permanente. Non vén unha camada xeracional sen que aparezan algúns escritores –agora sobre todo escritoras– magníficos xa desde os seus primeiros momentos. Hai xa carreiras en moi pouco tempo, se lles podemos chamar carreiras, autores que están producindo moito e continuamente. A xente traballa moito.

Non hai moitos lectores, en cambio. Os libros véndense pouco, pero vai habendo seguidores ou lectores de literatura galega. En tempos de Otero Pedrayo non os había, Otero Pedrayo era un autor sen lectores, que é ben triste. Ninguén leu *Fra Verner* no seu tempo, case só Cunqueiro. Hoxe lese e estúdase nos institutos e nos colexios e iso é bo.

—**M.:** **No Madrid de 1958, con vinte anos, contactou vostede co grupo Brais Pinto. Que supuxo o encontro?**

—**X. L. M. F.:** Para min supuxo, primeiro, unha sorte ter coñecido uns amigos tan bos, tan simpáticos e tan comprometidos. Por outro lado, a min tamén me axudou moito na miña propia formación, na vida cando eu era un rapaz novo, vivir en Madrid nunha cidade grande e allea cunha tradición republicana tan forte naquel momento. E tamén foi importante o feito de que moitos deles non eran estudantes, senón que eran traballadores que se tiñan que se erguer cedo, ir aos seus despachos ou ás súas fábricas. Axudoume, desde logo, a adoptar unha posición de esquerda, clarísimamente.

Eramos todos antifranquistas. O que pasa é que o mundo do piñeirismo, no que nós nos moviamos, incapacitábanos para calquera tipo de acción, para levar adiante calquera clase de propaganda e de actuación clandestina. Foi unha especie de época, de período de formación incluso, no que uns fomos instruindo aos outros. Así nos ocorreu ata que nos disolvemos e cada un marchou polo seu lado, aínda que quedamos sempre conectados.

—**M.:** **O ano pasado inaugurouse na Coruña (logo continuou en Pontevedra e Vigo) unha exposición centrada nos mozos de Brais Pinto. Que lle pareceu a exposición “Brais Pinto, o afiador revolucionario”?**

—**X. L. M. F.:** A exposición a min gustoume porque apareceron cousas que eu pensaba que estaban perdidas, como a película de Cribeiro, e fotografías que eu nunca vira. É unha exposición moi ben feita, moi intelixentemente feita e é veraz todo o que se di alí.

—**M.:** **Estamos a vivir unha serie de cambios bruscos e inesperados en determinadas zonas do planeta. Cara a onde lle parece que camiña o mundo?**

—**X. L. M. F.:** Nunca se sabe cara a onde camiña o mundo porque sempre aparecen cousas que non se esperaban. É dicir, non hai ningún experto que puidese predicir a caída da Unión Soviética e dos países do leste. Estaba aí e produciuse de repente. Ninguén ata agora puido predicir que en Cuba se ía perpetuar e se ía conservar o socialismo. Ninguén supoñía iso. E caeu Roma, caeu Bizancio, caeu a Unión Soviética... caeu todo. Polo tanto, non vexo por que non vai caer o capitalismo, o lóxico sería que caese. Cando e como, iso non o sabe ninguén.

—**M.:** **Que move o mundo para que haxa eses cambios?**

—**X. L. M. F.:** Unhas forzas profundas que son fundamentalmente de carácter económico e esas forzas de carácter económico están en contradición unhas coas outras e, coa contradición, saen os cambios históricos. Esas forzas profundas por causas e concausas que descoñecemos están levando o capitalismo e fixeron caer o primeiro intento socialista que durou pouco máis de setenta anos. Agora supoño que servirá para un novo socialismo que veña, supoño que servirá o exemplo do pasado para non caer en erros que se cometeron.

—**M.:** **É vostede optimista.**

—**X. L. M. F.:** Si, porque miro para América e vexo Venezuela, Ecuador, vexo un tupamaro amigo meu presidente da República de Uruguai. Entón hai cambios que se están facendo, cambios profundos no mundo e son cambios que camiñan cara ao socialismo porque: ou capitalismo ou o seu contrario. E o seu contrario é o socialismo ou como queiramos chamarlle, non hai intermedios.

—**M.:** **Para Herminio Barreiro, o seu compañeiro dos Brais Pinto recentemente desaparecido, a esperanza estaba en América.**

—**X. L. M. F.:** Non se sabe. Aquí, nos países centroeuropeos (no leste), houbo unha experiencia e esa experiencia foi derrotada. Non sei. Carlos Marx nunca profetizou, só explicou como funcionan as cousas: funcionan dialecticamente.

—**M.:** **Moitísimas grazas por compartir o seu tempo e as súas opinións con *Madrygal*.**

—**X. L. M. F.:** Graciñas a vós.